



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2024/E001/000008

RESOLUCIÓN

ASUNTO: Expediente 2024/E001/000008. Provisión en réxime laboral temporal da contratación dun (1) peón/peoa forestal para cubrir unha praza vacante por renuncia do titular e suplente da praza. Aprol Rural (2024). Aprobar a lista das persoas candidatas admitidas e excluídas preseleccionados/as pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte, datas das probas e nomeamento da comisión seleccionadora.

Expedientes relacionados TEdC: 2024//E001/000003 // 2024/A008/000008.

EXPEDIENTE: 2024/E001/000008

ANTECEDENTES:

1. A Orde do 26 de decembro de 2023 establece as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural) e procede a convocalas para o exercicio do ano 2024 (DOG núm. 17, do 24 de xaneiro de 2024).
2. Ao abeiro desta convocatoria o Concello de Boqueixón presentou, no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, unha solicitude de subvención para as contratacións que se indican, abríndose ao efecto o expediente de referencia.

NÚM. CONTRAT.	OCUPACIÓN	GRUPO COTIZ.	CUSTO MENSUAL	CUSTO TOTAL (SUBV. SOLICITADA)	
1 ^a	1	PEÓN/PEOA FORESTAL	10	2.425,98	21.833,82
2 ^a	1	PEÓN/PEOA FORESTAL	10	2.425,98	21.833,82
3 ^a	1	PEÓN/PEOA FORESTAL	10	2.425,98	21.833,82

Unha vez completados os trámites administrativos de recepción, mellora e/ou emenda da solicitude, o Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social formulou proposta de resolución favorable, que foi fiscalizada de conformidade polo órgano competente o 17.04.2024, pola concorrencia dos requisitos e das condicións establecidas nas bases reguladoras (artigos 1, 3 e 4 da Orde de convocatoria) para a concesión da axuda.



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2024/E001/000008

3. Por Resolución de alcaldía núm. 242/2024 do 27 de maio de 2024. Nomeamento e condicións económicas para a contratación en réxime laboral temporal vinculado a programas de políticas activas de emprego para a contratación de dous (2) peóns/peoas forestais. Programa Apról Rural (2024) de: David Camba Rial e Soledad Barral Fuentes. Suplente: Ismael Lodeiro Guzmán.

4. O 3 de outubro apróbanse as bases por resolución de alcaldía núm. 539/2024 para a selección dun/dunha (1) peón/peoa forestal para cubrir unha praza vacante por renuncia do titular David Camba Rial e suplente da praza Ismael Lodeiro Guzmán.

5. O titular David Camba Rial causa baixa laboral voluntaria no concello

6. Con data do 7 de outubro publícase no BOP núm. 193 Anuncio de Convocatoria de selección para a provisión en réxime laboral temporal da contratación dun (1) peón/peoa forestal para cubrir unha (1) praza vacante por renuncia do titular e suplente da praza. Apról Rural (2024).

7. Con data do 10 de outubro presentouse oferta de emprego na Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte.

8. A Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte o 10 de outubro de 2024, remite por correo electrónico listado de candidatas/as preseleccionados/as para a selección dun (1) peón/peoa forestal.

As persoas candidatas remitidas pola Oficina Pública de Emprego de Galicia, número de oferta 12/2024/10228, son as que seguen:

APELIDOS E NOME
Ramón Cernadas Sobredo
Manuel Fernández Senín
Diego López Agrelo
Juan Manuel Silva Hermida
José Manuel Vázquez González

A Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte da instrucións que o concello de Boqueixón contacte a través do teléfono ou correo electrónico que constan nos currículos vitae das persoas candidatas remitidas por correo electrónico para convocalas ó proceso, e que o concello verifique que as persoas candidatas reúnen os requisitos da convocatoria.

Atendendo ó artigo 14º, punto 2 da Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Apról Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G). (DOG nº 17 do 24 de xaneiro de 2024), di que as persoas traballadoras que foran contratadas por un período igual ou



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2024/E001/000008

superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2023 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas nesta orde.

Polo tanto esta entidade local verifica que entre as persoas candidatas remitidas pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte, José Manuel Vázquez González estivo contratado por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2023, por tanto este candidato non poderá participar no proceso de selección por non cumprir os requisitos da Orde.

Tal e como se indica nas bases da convocatoria publicada, as persoas candidatas admitidas no proceso, presentarán a documentación acreditativa de méritos mediante orixinais ou copias compulsadas no rexistro do Concello dende a data no que se lle comunica que está preseleccionado/a ata o día anterior á da realización das probas prácticas. De non acreditar a documentación adecuadamente a persoa candidata non poderá ser baremada. Polo tanto, non se aceptará ningunha documentación que non se presente en prazo. Os requisitos cumpriranse na data de remate da presentación de documentación e deberán manterse con posterioridade ata a data da contratación laboral.

CONSIDERACIÓN TÉCNICAS, ECONÓMICAS E XURÍDICAS

Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G). (DOG nº 17 do 24 de xaneiro de 2024). Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.

Real Decreto Legislativo 2/2012, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

Lei 3/2021, do 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2024/E001/000008

Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade asume o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos do Concello de Boqueixón (BOP núm. 180, do 21 de setembro de 2017).

Convenio colectivo do concello de Boqueixón.

Resolución de alcaldía núm.37/2024 do 31 de xaneiro de 2024. Solicitud de subvención para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural 2024).

Resolución de concesión de 2 peóns/peoas forestais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do 20 de abril de 2024

Resolución de alcaldía núm. 203/2024. Aceptación da subvención e aprobación da bases para a provisión en réxime laboral temporal da contratación de dous (2) peóns/peoas forestais. Aprol Rural (2024).

Resolución de alcaldía núm. 539/2024 do 3 de outubro de 2024 para a selección dun/dunha (1) peón/peoa forestal para cubrir unha praza vacante por renuncia do titular e suplente da praza, BOP núm. 193 do 7 de outubro de 2024. Anuncio de Convocatoria de selección para a provisión en réxime laboral temporal da contratación dun (1) peón/peoa forestal para cubrir unha (1) praza vacante por renuncia do titular e suplente da praza. Aprol Rural (2024).

RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO. Aprobar a lista de persoas candidatas admitidas e excluídas remitidas pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte (oferta núm. 12-2024-10228):

Persoas candidatas admitidas
APELIDOS E NOME
Ramón Cernadas Sobredo
Manuel Fernández Senín



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2024/E001/000008

Diego López Agrelo
Juan Manuel Silva Hermida

SEGUNDO. Convocar as persoas candidatas admitidas preseleccionadas pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte e á comisión seleccionadora para a realización das probas, nas datas, hora e lugar que se indican:

Para a realización da proba práctica:

- Data: 16 de outubro de 2024.
- Hora: Citarase a cada persoa candidata cada cuarto de hora para a realización da fase de proba/s práctica/s.
- Lugar: Base de protección civil de Boqueixón, lugar de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña).

Persoas candidatas admitidas	
APELIDOS E NOME	HORA
Ramón Cernadas Sobredo	10:00
Manuel Fernández Senín	10:15
Diego López Agrelo	10:30
Juan Manuel Silva Hermida	10:45

Convocar ás persoas candidatas admitidas, a través de correo electrónico ou teléfono que constan nos currículos vitae enviados pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte. No caso de chamar por teléfono realizarase ata un máximo de 3 chamadas para convocar ás persoas candidatas. Ás persoas candidatas informaráselles sobre as bases de contratación, datas das probas e presentación de documentación para acreditar os méritos.

- Para a presentación de documentación acreditativa dos méritos:

As persoas aspirantes presentarán a documentación acreditativa de méritos mediante orixinais ou copias compulsadas no rexistro do Concello de Boqueixón (en horario de 9:00h a 14:00h) dende a data no que se lle comunica que está preseleccionado/a ata o día anterior da realización das probas prácticas. De non acreditar a documentación adecuadamente o/a candidato/a non será baremado. Polo tanto, non se aceptará ningunha documentación que non se presente en prazo. Os requisitos cumpriranse na data de remate da presentación de documentación e deberá manterse con posterioridade ata a contratación laboral.

- A Valoración de méritos a realizar pola comisión seleccionadora:



Forte s/n
15881 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

exp. 2024/E001/000008

- Data: 16 de outubro de 2024.
- Hora: 11:00 h.
- Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte s/n, 15881 Boqueixón (A Coruña).

TERCEIRO. Nomear como membros da Comisión de selección:

PRESIDENTE: Dalmiro Núñez Méndez. Secretario-Interventor do Concello de Boqueixón; suplente: Adela Lamela Arteaga, funcionaria do Concello de Boqueixón.

SECRETARIA: María Victoria Negrín Blanco, funcionaria do Concello de Boqueixón; suplente: Pilar Pazos Santasmarinas, funcionaria do Concello de Boqueixón.

VOGAL 1: Juan Manuel Corral Sánchez, funcionario do Concello de Boqueixón; suplente: Anselmo Caeiro Vilar, funcionario do Concello de Boqueixón.

VOGAL 2: Maria Cruz Ferreiro Sanín, persoal laboral fixo do Concello de Boqueixón; suplente: Rosario Iglesias Iglesias, funcionaria do Concello de Boqueixón.

VOGAL 3: Carlos Uzal Díaz, persoal laboral fixo do Concello de Boqueixón; suplente: Juan Manuel Freiría Brea, funcionario do Concello de Boqueixón.

CUARTO. Publicar a lista de persoas admitidas e excluídas, datas do proceso e composición da Comisión de selección, no taboleiro de edictos do Concello de Boqueixón e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

QUINTO. Dar traslado deste acordo ó Departamento de Secretaría-Intervención do Concello de Boqueixón e ó coordinador de obras e servizos, dándolle conta ó Pleno da Corporación Local na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Concello de Boqueixón, na data da sinatura dixital

O Alcalde / Presidente
Ovidio Rodeiro Tato

O Secretario - Interventor
Dalmiro Núñez Méndez